



## MOCIÓN

D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, en nome e representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de SANXENXO

### **EXPÓN :**

Os nenos e nenas de ensinanza infantil que asisten ao Colexio Público de Portonovo, teñen o acceso ás aulas pola rúa Espiñeiro.

A rúa Espiñeiro, no tramo de entrada ao colexio, ten unha beirarrúa de aproximadamente 1 metro de ancho cun poste de Fenosa que a estreita inda máis, impedindo o paso por ela dos carriños.

Nese tramo de rúa tamén se atopan as instalacións do club de piragüismo, que carece de beirarrúa, co conseguinte perigo para os mozos e mozas que teñen que trasladarse ata a praia coas súas piraguas.

A rúa Espiñeiro ten na actualidade dobre sentido de circulación de vehículos o que provoca unha maior intensidade de tráfico e impide a instalación de aparcadoiros, problema que quedaría resolto dotando de un único sentido de circulación á rúa Espiñeiro, preferiblemente de entrada pola rúa Areal e saída pola rúa Rafael Picó.

Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes

## **A C O R D O S :**

- **Aproveitando as obras de humanización das rúas de Portonovo, se amplíe o ancho das beirarrúas do tramo de entrada ao C.E.I.P. de Portonovo.**
- **Que se aplique o sentido único de circulación para vehículos na rúa Espiñeiro e se marquen prazas de aparcadoiro no tramo de entrada ao colexio.**
- **Que, mentres non se proceda ao traslado das instalacións do club de piragüismo, se fagan beirarrúas ou se coloquen pivotes fixos que permitan o paso seguro dos piragüistas.**

Sanxenxo, a 6 de novembro de 2007

Asdo.: Roberto A. Fernández Lores  
Portavoz do BNG

**SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SANXENXO**